



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Anuncio aprobación inicial modificación anexo de investimentos do Orzamento Municipal do exercicio 2026

ANUNCIO APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2026

EXPEDIENTE: 2026/T004/000001- 2026/T002/000009 – 2026/G006/000085

O Pleno desta Corporación aprobou na sesión extraordinaria realizada o día 19 de xuño de 2026 o expediente de modificación do anexo de investimentos do Orzamento Municipal do exercicio do 2026.

En cumprimento co disposto no art.169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público, por prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello. Durante este prazo, que comezará a contarse dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, poderán formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao alcalde-presidente do Concello de Abegondo.

Este expediente entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións e entrará en vigor unha vez que se publique no BOP o resumo por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2026 coas modificacións propostas.

Abegondo, 19 de xuño de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2026/4259